

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
EXAME*
UNIDADE 1

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (2,34 puntos)

1. A baixa produtividade da agricultura na época do Antigo Réxime debíase: ☐ aos importantes avances tecnolóxicos ☐ á estreita dependencia dos fenómenos naturais ☐ á escasa cantidade de terras de propiedade señorial	2. O décimo eclesiástico era un imposto que o campesiñado entregaba ao clero e que consistía: ☐ na décima parte das propiedades do señor ☐ no dez por cento da colleita ☐ na décima parte dos beneficios dos sorteos celebrados durante o Nadal
3. O crecemento económico que se produciu nalgúns países europeos na segunda metade do século XVIII debeuse entre outros motivos ao: ☐ crecemento continuo da poboación ☐ descenso da demanda de produtos básicos ☐ incremento das epidemias	4. As terras de propiedade comunal que existían en toda Europa das que se beneficiaban todos os habitantes das aldeas ou vilas adoitaban ser: ☐ zonas fértiles de cultivo ☐ campos pechados ou bocage ☐ pasteiros para o gando
5. Algúns campesiños durante o Antigo Réxime tiñan a obriga de: ☐ traballar gratis as terras do señor ☐ ter como mínimo catro ou cinco fillos ☐ deixar de pagar impostos durante as épocas de crise	6. A nobreza e o clero durante o Antigo Réxime gozaban de privilexios como: ☐ pagar impostos ☐ non acceder aos cargos da Administración ☐ ter leis e tribunais propios
7. A vía que permitía acceder desde o estado da xente do común a un estamento privilexiado era: ☐ o pagamento de impostos ☐ a carreira eclesiástica ☐ o matrimonio entre membros da aristocracia e campesiños humildes	8. A desigualdade de orixe que existía na sociedade do Antigo Réxime: ☐ facía moi difícil cambiar de posición social ☐ permitía elixir o estamento no que nacer ☐ impedía a existencia dunha división social rixida e desigual
9. Moitos burgueses enriquecidos intentaron ascender na sociedade do Antigo Réxime: ☐ renunciando a todo tipo de privilexio ☐ integrándose no terceiro estado ☐ mediante matrimonios con membros da nobreza	10. A maior parte da poboación que habitaba as cidades durante o Antigo Réxime: ☐ non pertencía á burguesía ☐ estaba integrada na aristocracia ☐ traballaba como aprendiz e oficial dos obradoiros
11. O poder dos monarcas absolutos estaba limitado: ☐ polo control eficaz das tarefas de goberno por parte dos reis ☐ pola resistencia dos poderes locais ás demandas do Goberno central ☐ pola escasa obediencia dos campesiños aos señores feudais	12. As Provincias Unidas e Inglaterra conseguiron impoñer réximes parlamentarios nos que: ☐ os monarcas gobernaban de forma absoluta ☐ as clases medias lograron participar no exercicio do poder político ☐ instauraron un sistema republicano en ambos os dous casos
13. A política de reformas aplicada polos gobernos do despotismo ilustrado procuraba: ☐ alterar a base do Antigo Réxime ☐ desenvolver a industria e o comercio ☐ paralizar o avance da ciencia e da educación	14. Os monarcas absolutos do Antigo Réxime buscaron a alianza e a cooperación dos señores feudais, dos gremios, da Igrexa ou dos funcionarios poderosos a cambio de: ☐ manterlles o poder e a autonomía ☐ obrigarlle a toda a poboación a pagar impostos ☐ impartir a xustiza real dentro dos señoríos xurisdiccionais
15. A preponderancia de Gran Bretaña no século XVIII baseábase: ☐ no seu escaso desenvolvemento comercial ☐ na inexistencia de outras potencias en Europa ☐ na súa supremacía marítima	16. Entre os países que lle disputaban o poder a Gran Bretaña no século XVIII estaban: ☐ Alemaña e Portugal ☐ Prusia e Italia ☐ Francia e España
17. O pensamento ilustrado defendía o predomínio da razón como criterio de verdade fronte á: ☐ ciencia, á cultura e á educación ☐ liberdade, á igualdade e á fraternidade ☐ tradición, ao sobrenatural e á superstición	18. Os pensadores ilustrados crían que a economía e o progreso material eran un medio para: ☐ atacar o sistema capitalista ☐ alcanzar a felicidade ☐ manter as bases do Antigo Réxime

19. Moitos ilustrados criticaron abertamente a relixión porque consideraban que: ☐ estaba baseada na razón ☐ era instrumento do fanatismo e da intolerancia ☐ axudaba a difundir as ciencias experimentais	20. Jean-Jacques Rousseau afirmaba que o Goberno e as institucións teñen a obriga de legislar e gobernar para o ben común, porque do contrario: ☐ o ser humano converteríase en bo por natureza ☐ as persoas poden rebelarse ou depoñelas ☐ o monarca debería gobernar de forma absoluta
---	---

2. Explica a seguinte cuestión: (2,34 puntos)

a) O comercio no Antigo Réxime

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) RÉXIME DEMOGRÁFICO, REAIS FÁBRICAS, CLERO SECULAR e DESPOTISMO ILUSTRADO e ENCICLOPEDIA. (2,34 puntos)

4. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

A mortalidade infantil

"A nosa familia non cesaba de aumentar e o berce estaba constantemente ocupado, aínda que, aí!, a man estranguladora da morte arrincábanos del algún dos nosos pequenos ocupantes. [...] A maior das miñas fillas, Cristina Sofía, non viviu máis que ata a idade de tres anos, e taméno meu segundo fillo, Cristian Gottlieb, morreu á mesma tenra idade. Ernesto Andrés non viviu máis ca uns poucos días e a nena que seguiu, Rexina Xoana, tampouco chegara ao seu quinto aniversario cando deixou este mundo. Cristina Benedicta, que viu a luz un día despois ca o Neno de Belén, non puido resistir o cru inverno e deixounos antes de que o Ano Novo chegase ao seu cuarto día. [...] Cristina Dorotea non viviu máis ca un ano e un verán, e Xoán Augusto non viu a luz máis que durante tres días. Así perdemos sete dos nosos trece fillos [...] ."

ESTHER MEYNEL,

A pequena crónica de Ana Magdalena Bach, 1925

Pasos a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO

- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)